

POLÍTICA E OBXECTIVOS DE CALIDADE DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA

MISIÓN

A misión da Facultade de Socioloxía é, por unha banda, a formación duns profesionais da socioloxía cualificados, críticos, comprometidos, democráticos, cooperativos e solidarios, capaces de analizar a realidade social, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. Por outra banda, tamén forma parte da súa misión ofrecerlle á sociedade da que depende, e ante a que ten que responder, o coñecemento que obtén do seu estudo científico, de xeito que poda contribuír ao seu desenvolvemento e a acadar unha cidadanía máis culta e libre.

Máis en concreto, son funcións da Facultade de Socioloxía ao servizo da sociedade:

1. Promover a creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica do coñecemento científico da realidade social xerada pola comunidade do centro.
2. A preparación do estudiantado para o exercicio da actividade profesional que esixe a aplicación de métodos e coñecementos sociolóxicos.
3. A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento social, especialmente da nosa contorna máis próxima.


VISIÓN

No 2026 a Facultade de Socioloxía quere ser un centro docente e de investigación sociolóxica de referencia en España.

Para isto, aspira a ter:

- Unha oferta formativa ampla, actualizada, coherente, diversa e de calidade, con estudos formais (de grao, mestrado e doutoramento) e actividades de extensión universitaria, axeitada ás necesidades da contorna social, atenta á demanda do mercado profesional e vinculada a outras ofertas de carácter internacional.

Código Seguro De Verificación	DHm/JhxKeS00zuQil/zMvg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Socioloxía - Antonio Álvarez Sousa	Asinado	07/11/2024 11:05:03
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/DHm/JhxKeS00zuQil/zMvg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		




- Unha demanda de acceso ás titulacións impartidas cuantitativamente axeitada e cualificada, con estudantes altamente motivados por aprender e pór en práctica as competencias adquiridas.
- Docentes con coñecemento actualizado de que é o que se ensina e como se fai noutros centros (nacionais e internacionais) para proporcionar a mellor formación posible ao estudiantado e que manteñan entre si un elevado grao de integración e coordinación docente.
- Investigadores que producen coñecemento científico relevante sobre os fenómenos sociais e son quen de difundilo nas canles académicas máis prestixiosas e de divulgalo ao resto da sociedade por distintas canles.
- Un alto nivel de mobilidade internacional e nacional tanto a nivel de estudantes como de profesorado e de investigadores.
- Un alto grao de compromiso e responsabilidade social e medioambiental, de xeito que xestione os seus recursos con eficacia, eficiencia, equidade, sustentabilidade e transparencia, e que proporcione elevados niveis de benestar aos seus usuarios e traballadores.

VALORES

A Facultade de Socioloxía, como institución pública, civil, autónoma, inclusiva e laica, rexerese polos seguintes valores e principios:

- O compromiso con Galicia, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega, e a responsabilidade nos ámbitos artístico, patrimonial, arquitectónico, urbanístico, documental ou lingüístico.
- A responsabilidade social da institución coa mellora activa do sistema socioeconómico da nosa contorna e coa xeración de benestar económico para o conxunto da sociedade.
- A igualdade de oportunidades mediante a aplicación dos criterios de mérito, capacidade e igualdade e, así mesmo, mediante a defensa do acceso universal á universidade e o fomento dunha cultura de non discriminación e da inclusión.
- O respecto á diversidade de ideas, co fomento da tolerancia e o traballo comunitario e colaborativo que permita crear unha universidade plural.
- A participación, fomentando as canles de comunicación entre todos os membros da comunidade da Facultade no proceso de toma de decisións,

Código Seguro De Verificación	DHm/JhxKeS00zuQil/zMvg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a Facultade de Socioloxía - Antonio Álvarez Sousa	Asinado	07/11/2024 11:05:03	
Observacións		Páxina	2/4	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/DHm/JhxKeS00zuQil/zMvg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

como instrumento para aproveitar todas as capacidades e os recursos dispoñibles.

- O respecto ao medio ambiente como Facultade socialmente responsable, fomentando a concienciación ambiental e xestionando os recursos á nosa disposición para que xeren o menor impacto ambiental posible e procurando a maior eficiencia e eficacia no seu uso.
- A eficiencia, como responsables da xestión de recursos públicos, para conseguir o seu uso eficaz, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e o ben común.
- A transparencia como mecanismo de rendición de contas para xustificar as nosas decisións e propiciar a adecuada verificación das nosas actuacións.
- A resiliencia. Trátase de manter unha actitude resiliente e proactiva baseada na intelixencia colectiva, o esforzo cooperativo e solidario e o pensamento creativo.
- A calidade como meta e vontade de mellora continua na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de acadar maiores cotas de benestar social.

POLÍTICA DE CALIDADE

Nesta procura da calidade, a Dirección da Facultade de Socioloxía comprométese publicamente co desenvolvemento dunha política de calidade para promover, a través do seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC), a mellora continua de todas as actividades vinculadas coas súas titulacións (docentes, investigador@s e de xestión). Recoñece que a consolidación dunha cultura de calidade supón un factor estratéxico esencial para o centro e comprométese a fomentala, buscando a satisfacción das necesidades e expectativas dos seus membros e o recoñecemento por parte da sociedade do labor desenvolvido na facultade.

Para logralo, a Dirección da Facultade de Socioloxía define a súa política e os seus obxectivos de calidade, en liña coa misión, visión e valores, e de modo que sexan coherentes cos definidos pola propia UDC no seu Plan Estratéxico 2022/26. En concreto, esta política de calidade persigue os seguintes obxectivos de calidade:

- Proporcionar unha formación de calidade, garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas do noso alumnado e da sociedade en xeral.


Código Seguro De Verificación	DHm/JhxKeS00zuQil/zMvg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Socioloxía - Antonio Álvarez Sousa	Asinado	07/11/2024 11:05:03
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/DHm/JhxKeS00zuQil/zMvg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Manter un compromiso coa mellora continua. Orientar a dirección e a xestión da Facultade de Socioloxía cara os obxectivos de docencia, a consolidación da excelencia en investigación, e a divulgación e transferencia do coñecemento.
- Potenciar unha formación orientada á inserción laboral e conectada coa realidade, incrementando a colaboración coas institucións e empresas da contorna.
- Promover a internacionalización da facultade, fomentando a mobilidade de todos os grupos de interese (PAS, PDI, alumnado).
- Incentivar a colaboración e a convivencia entre os distintos axentes que configuran a facultade, dándolles voz e fomentando unha cultura de non discriminación e libre de todo tipo de violencias.
- Facilitar que o PDI e o PAS adquiren a formación necesaria para realizar as súas respectivas actividades, facilitándolles os recursos necesarios, no posible, para que poidan desenvolverlas de maneira satisfactoria.
- Promover a xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos, xerando o menor impacto ambiental posible.
- Mellorar as infraestruturas e os recursos destinados para a docencia.
- Impulsar e fortalecer a calidade nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- Garantir que a normativa propia da facultade e dos estudos nela impartidos estea adaptada e actualizada á lexislación vixente e ás necesidades que vaian xurdindo.
- Garantir que o Sistema de Garantía de Calidade mantense efectivo e é controlado e revisado de forma periódica.
- Asegurar que a política de calidade é entendida e aceptada por todos os grupos de interese e que se atopa ao dispor de todos eles.

Aprobado con data 21 de xuño de 2024 pola Xunta de Facultade e a Comisión Académico-Docente, RRII e de Garantía de Calidade.

Asdo:Antón Álvarez Sousa
Decano da Facultade de Socioloxía

Código Seguro De Verificación	DHm/JhxKeS00zuQil/zMvg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a Facultade de Socioloxía - Antonio Álvarez Sousa	Asinado	07/11/2024 11:05:03	
Observacións		Páxina	4/4	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/DHm/JhxKeS00zuQil/zMvg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			